



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

## Comisión de Xestión - 12 de decembro de 2011

**1.- CNAI:** A empresa non aporta ningún dato novo sobre o falado na anterior Comisión de Xestión (22 de novembro) onde só se tratou este tema. O prazo para anotarse no Concurso Especial de Traslados rematou o 27 de novembro pero non sabe cantas solicitudes hai nin se empezaron a selección e as entrevistas, tampouco sabe se resolverán antes de final de ano nin se concreta cando ten previsto reunirse o tribunal avaliador.

Tamén se comenta que se vai por traslado un encargado do CNAI e contan que se cubra cunha das prazas da convocatoria de encargados que está en marcha.

**2.- Porcentaxe vacacións 2012:** Este punto ven a conto pola información que chegou ao Comité sobre as porcentaxes de vacacións para o vindeiro ano, en algún departamento aparecía o 0%.

A empresa informa que houbo algún erro e volveron a enviar a información, di que non houbo cambios respecto a outros anos e que sempre se fai respectando a normativa.

**3.- ERE:** A empresa só facilita o dato das baixas polo ERE a nivel de todo o estado (2.359) pero non dá datos da Coruña. Indica que na vindeira reunión da Comisión de Seguimento do ERE, a empresa facilitará os datos da distribución por provincias.

Lembra que o 16 de decembro ábrese o prazo para os que se queiran anotar ao ERE no ano 2012, este prazo está previsto que se peche o 31/03/2012. Poderán anotarse os que cumpren os 53 anos no 2012 e os que teñan 60 ou máis anos.

**4.- O+M A Coruña:** Nesta cuestión a empresa pretende dar resposta a un escrito que entregamos a CIG o mes pasado. No escrito reclamamos que se informe do plan para reducir as libranzas, aportando datos sobre o seguimento do plan e a súa planificación, de cales son os criterios para a asignación de libranzas e de quendas, etc.

No escrito tamén facemos constar que unha vez que se acaden os obxectivos que a empresa se ten marcado en canto ao número de libranzas admisible para cada traballador, as condicións laborais, en canto a quendas de noite, garda e demais deberían volver á situación anterior.

A empresa pretende ir dar resposta punto por punto pero a cuestión é que non entrega ningunha información por escrito, non detalla os criterios para as libranzas máis aló da obriga de respectarlle a libranza aos que saen da garda, non dá información sobre o seguimento do plan nin da previsión para dalo por rematado. O único que aporta a maiores é que aos que teñen menos de 15 libranzas non se lles obriga a librar e que a prioridade está centrada nos que teñen máis de 90.

Sobre o de volver á situación anterior, tal e como lle dicimos dende a CIG, a empresa indica que non se fará, xustifícase dicindo que os cambios (redución en quendas e gardas) foron por eficiencia e non para reducir libranzas. Como as modificacións substanciais nas condicións de traballo xa foran notificadas, non teñen intención algunha de volver para atrás.

Dende a CIG insistimos, unha vez máis, que teñen que dar máis información da que se nos aporta nos envíos das quendas e gardas dese departamento. Na opinión da empresa a información é suficiente, tanto a que se envía ao Comité como a que se dispón no taboleiro do departamento.

Tamén se fala da unificación de Transmisión e Conmutación, unificación feita sobre o papel pero imposible aínda hoxe na práctica pois a formación para facela é cuestión de anos.

**5.- O+M e OTPI I+M Santiago:** Na orde do día estes dous puntos aparecían separados pero trátanse conxuntamente por estar relacionados.

En O+M Santiago só van quedar 7 OTPI, 3 acolléronse ao ERE e hai un traslado provisional que remata este mes, cun grupo tan reducido non poden cubrir todas as gardas, a empresa engade que tamén se están a acumular libranzas e quere reducilas como na Coruña.

A empresa indicoulle aos traballadores que eliminaría as gardas de tarde e noite da fin de semana, ante a posibilidade de que entrase a contrata tal e como pasou na Coruña, os OTPI fixeron unha proposta. Trataríase de facer garda de mañá os sábados e domingos e cubrir a tarde e a noite con dispoñibilidades, de 2/3 para o que está de garda máis outra de día completa para outro OTPI, que reforzaría ao de garda en caso preciso.

A empresa acepta esta proposta polo que empezarán a aplicala. O resto das quendas mantéñense igual e cando haxa un festivo no medio da semana manterán a quenda de noite para non partir a semana.

Dende a CIG nunca estivemos polas dispoñibilidades, aínda que podemos entender que se fagan voluntariamente por canto a empresa non acepta ampliar o persoal e desatender horarios significaría que entrase a contrata, o que levaría ao principio do fin do mantemento como na Coruña.

Sobre o plan para reducir as libranzas, dende a CIG insistimos en que se faga co acordo dos traballadores e non impoñéndoo como se fixo na Coruña.

Ademais desta cuestión, a empresa informa que pasará aos 3 OTPI de I+M para O+M co que o grupo quedaría con 10 traballadores. Farase por reestruturación organizativa e cumprindo os prazos previstos nas normativa. De momento os que veñen de I+M non poderán facer gardas pois necesitan formación, irán entrando nas quendas de xeito progresivo.

**6.- Dispoñibilidades Planta Exterior:** Ate agora, os encargados de Planta Exterior que aceptaran voluntariamente, viñan facendo unha rolda de dispoñibilidades para ter cuberto todo o horario e ter alguén cando hai algunha incidencia.

Aínda que as avarías lévaas todas a contrata, o despacho de Barcelona contactaba co encargado dispoñible para preguntarlle pola contrata e pasarlle o aviso. A empresa informa que eliminará esas dispoñibilidades, o despacho pasará directamente a avaría á contrata, queren facelo en todo o estado e neste momento elimínanas en toda Galiza.

**6.- Enquisa Clima Laboral:** Este punto foi metido na orde do día polo Comité debido a como se están a facer as enquisas en Hércules (Comercial). O caso é que a moito persoal de Comercial, os seus responsables indícanlles antes de facer a enquisa o que deben responder, chegando a interrogalos unha vez rematada para ver cales foron as respostas.

Non hai ningún responsable de comercial polo que a resposta é a de RRHH, intentan facer pasar a cuestión como algo anecdótico pero dende a CIG aportamos datos concretos sobre o que se ten falado nesas reunións dos responsables cos comerciais, mostrando con claridade que hai intención de tratar de influír nas respostas.

CCOO indica que eles tamén teñen noticia do malestar entre os traballadores, UGT non ten a mesma "percepción" e opina que é algo puntual. Dende a CIG volvemos a aclarar que cando afecta a varios grupos deixa de ser puntual e trátase dunha práctica que se leva dando dende hai anos. Se o que se quere é mellorar o clima laboral, cousas coma esta están de máis. Finalmente, a empresa di que o terán en conta e falarán con quen corresponda.